

PLANO ESTRATÉXICO DA UDC

PLANO OPERATIVO ANUAL

2009

INTRODUCCIÓN

A programación plurianual 2009-10 da Universidade da Coruña (UDC), aprobada polo Claustro na súa sesión do 28 de outubro de 2008 previamente á súa remisión ao Consello de Goberno e ao Consello Social, establece o marco financeiro do próximo bienio e as liñas xerais en materias de persoal e investimentos. O presente Plano Operativo Anual 2009 concreta o anterior documento, acompañando ao do Orzamento 2009 e vinculándoo coas actuacións programadas no Plano Estratéxico da UDC.

O documento consta dos seguintes epígrafes:

- Revisión das previsións orzamentarias da programación plurianual 2009-2010.
- Dotación económica dos proxectos do plano estratéxico:
 - Proxectos na área de Docencia.
 - Proxectos na área de I+D+i.
 - Proxectos na área de Relacións coa Sociedade.

REVISIÓN DAS PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL 2009-10

As previsións relativas á evolución das principais partidas orzamentarias do exercicio 2009 contidas na última programación plurianual pódense resumir nos seguintes puntos:

- Ingresos
 - Tomando como referencia unha caída dos ingresos non financeiros da Xunta de Galicia dun 1,3%, o crecemento previsto das transferencias desta institución superaba o 4%.
 - O capítulo 3 situábase arredor dos 18,5 millóns de euros, aínda sen recorrer a orzar un incremento nas taxas académicas.
 - O capítulo 5 superaría un millón de euros.
 - Aplicábase unha porción lixeiramente inferior aos dous terzos dos recursos propios dispoñibles, o cal traducíase un total duns 5,5 millóns de euros.
- Gastos
 - Os gastos de persoal incrementábanse nun 5%.
 - Non se modificaban as previsións de evolución dos gastos correntes contidas na anterior programación plurianual (variación do 9% anual).
 - Mantense o compromiso de crecemento das bolsas por riba do crecemento xeral do orzamento.
 - Os investimentos en equipamentos materiais incrementaríanse por riba dos 2,5 millóns.

O desenvolvemento detallado do orzamento permite confirmar, en termos xerais, estas previsións, que se traducen nun crecemento do orzamento dun 8,7%. Como revisións máis salientables pódense mencionar as seguintes:

- No referente aos ingresos, as transferencias da Xunta de Galicia revisáronse á baixa, tras as últimas informacións transmitidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Así, o crecemento previsto rebaixouse en máis dun 1%. Isto compensouse cun incremento dos recursos propios aplicados, que, mantendo como referencia a porción dos dous terzos dos

recursos dispoñibles, pasan de concretarse en 0,5 millón por baixo desa cifra a superala nunha contía semellante.

- No relativo aos gastos, a contención no gasto corrente permitiu repartir preto de 0,5 millóns de euros adicionais entre os capítulos 4 e 6.

DOTACIÓN ECONÓMICA DOS PROXECTOS DO PLANO ESTRATÉGICO

DOCENCIA

- P1.1. Fomento da cultura da calidade
 - O orzamento do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) é de 180.000 €, o cal supón un importante crecemento en termos reais, pois os 250.000 € do ano 2008 incluían os gastos do Curso de Adaptación Pedagóxica. Entre os cursos programados destacan os de formación na nova plataforma virtual baseada en Moodle, realizados a demanda de cada centro e nas súas propias instalacións.
- P1.2. Fomento da cultura da innovación
 - Mantense no capítulo de investimentos a partida destinada á Calidade e a Convergencia, coa que se atenden as convocatorias anuais de contratos-programa, con 480.000 €.
 - A Unidade Técnica de Calidade (UTC) ten unha dotación para investimentos de 160.000 €.
- P2.1. Programa de formación en materia de EEES
 - A partida destinada a formación do PDI (ver Docencia P1.1) complementábase cos 177.000 € destinados ao Plano de formación continua do PAS (capítulo 1).
 - Ofertáranse cursos de formación *on line* para PDI, PAS e alumnado con 3 canles: canle tecnolóxico, canle ofimático e canle de idiomas. O orzamento está incluído no do CUFIE.

- P2.2. Adaptación das estruturas docentes ao EEES
 - Mantense o programa de cómputo da investigación no POD implantado no curso 2007 (véxase I+D+i P1.1).
 - A revisión das deducións docentes por actividades de xestión, implantadas no ano 2008, terán no exercicio 2009 repercusión anual.
 - No referente á adaptación das infraestruturas, cómpre destacar as seguintes accións:
 - Recóllese unha anualidade de 2 millóns de euros no ano 2009 para o edificio da área científica do parque tecnolóxico (Facultade de Informática e Escola de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos), que se complementan cos 900.000 € dotados en 2008 e unha anualidade de 1.000.000 € en 2010.
 - Órzanse 2 millóns de euros para o Campus Center. Entre os destinos previstos figura a ampliación e mellora das instalacións deportivas do campus de Elviña, asociadas, entre outros usos, a actividades docentes da Facultade de Ciencias da Educación.
 - A segunda anualidade dos novos despachos na Facultade de Ciencias é de 200.000 € (a correspondente a 2008 foi de 120.000 €).
 - Consígnanse 1.100.000 € para outras obras de adaptación ao EEES. Para axudar a orientar as futuras actuacións redactaranse planos directores de infraestruturas, que se engadiran ao da Zapateira (en curso): Elviña, Riazor-Oza-Bastiaqueiro e Esteiro-Serantes.
- P3.1. Revisión e avaliación do mapa de titulacións
 - O orzamento total da Unidade Técnica de Calidade (ao que se fai referencias parciais nos apartados Docencia P1.2 e I+D+i P6.2) é de 250.000 €.
 - No curso 2008-09 implantarase nos centros o SIGC indispensable para a futura acreditación dos novos títulos de grao e mestrado. Para isto os centros disporán, ademais do PRCC, dunha aplicación informática, o programa IMPLANTA, financiado polas 3 universidades galegas en convenio coa ACSUG (financiamento: 52.000 euros).

- P3.2. Orientación de recursos humanos e materiais ás novas titulacións
 - Na normativa do POD 2008-09, introdúcese como novidade o cómputo da docencia nos mestrados oficiais, sempre que teñan 10 alumnos matriculados por primeira vez, ata o límite dun 20% da docencia estrutural dos departamentos.
 - Contémplase a contratación de 30 profesores asociados P3 para mestrados oficiais de carácter profesionalizante.
 - Contémplase converxer cara ao contorno universitario respecto dos efectivos de PDI e PAS, cun incremento dun 5%, para atender as necesidades derivadas da implantación das novas titulacións. Nos novos graos redúcese o número de estudantes por grupo, contemplándose 3 modalidades de docencia: 60 alumnos para a docencia maxistral, 20 para prácticas, e 10 estudantes para titorización en grupo.
 - Nos contratos-programa mantense tanto o apoio financeiro aos mestrados como o financiamento dun coordinador por cada un.
 - Mantense o programa xeral de bolsas de Mestrado/Doutoramento (179.000 €) e o programa UDC-Banco Santander para alumnado de Mestrados Universitarios (50.000 €).
- P3.3. Potenciación do coñecemento de idiomas
 - O orzamento do Centro de Linguas increméntase máis dun 20%, achegándose aos 55.000 €, coa finalidade de garantir o mantemento dos prezos dos cursos.
 - Ofértanse cursos de idiomas *on line* para complementar a oferta do centro de linguas (ver Docencia P2.1 e 5.1)..
- P4.1. Fomento das TICS: Hardware
 - A partida de Equipamento informático elévase a 450.000 €.
 - Dótase con 487.00 € unha partida para asumir a achega da UDC na adquisición de infraestruturas TIC (relacionadas coa xestión e control da rede) e multimedia (fomento da xeración de contidos dixitais e multimedia) solicitadas con fondos FEDER. O importe total do investimento podería superar os 1,7 millóns de euros.
 - Órzanse as obras e equipamentos necesarios para duplicar e preparar os CPDs cara á nova administración dixital.

- P4.2. Fomento das TICS: Software
 - Dentro da partida de Investimentos para o apoio á xestión, e de cara a posta en marcha da administración dixital, órzanse 100.000 € para unha intranet e Portal do Empregado.
 - A partida de Tramitación electrónica (60.000 €) ten como obxectivo o fomento da utilización de medios electrónicos nos procedementos administrativos.
- P5.1. Reforzo dos programas de bolsas
 - O crecemento do capítulo 4 é dun 10,9% e, en concreto, as bolsas e axudas a estudantes medran un 13,7%, porcentaxes netamente superiores ao de crecemento xeral do orzamento, concentrándose grande parte do esforzo na mobilidade internacional. Non obstante, os programas cun maior crecemento, Erasmus e Prácticas Leonardo, están maioritariamente financiados por achegas doutras institucións (ver Docencia P5.2 e P6.2, e Relacións coa Sociedade P3.1).
 - O custo fixo de 20.000 € dos cursos *on line* (ver Docencia P2.1) da dereito a 20 prazas gratuítas en cada curso. Para cubrir estas prazas darase prioridade ao alumnado, e especificamente ao alumnado con minusvalía.
- P5.2. Promoción da UDC entre os alumnos potenciais
 - A partida de Información e Divulgación da Vicerreitoría de Estudantes increméntase ata os 101.500 €, co obxectivo de promocionar a UDC tanto no entorno inmediato como nas principais mostras universitarias estatais e internacionais
 - Dótase con 50.000 € o convenio de colaboración coa Fundación Carolina para á realización de estudos de mestrado universitario de alumnado procedente de América Latina.
 - A introdución de cursos de formación para ó profesorado de secundaria na oferta do CUFIE para o curso 2008-09 cubre unha demanda insistente dese colectivo e responde ao obxectivo de mellorar a coordinación con outros niveis educativos, recollido no Plano Estratéxico.

- P6.1. Programa en rede de prácticas en empresa
 - Dáse continuidade ao mantemento do programa en rede de prácticas en empresa.
- P6.2. Reforzo dos contactos con empresas para prácticas
 - No programa de Prácticas Leonardo en empresas doutros países da U.E. pásase de 30 a 90 intercambios, co que o gasto total é de 300.000 €, dos que a OAPEE financia un 70% e a Deputación da Coruña aporta 80.000 €.
- P7.1. Axilización da xestión académica (ver tamén I+D+i P5.2)
 - O orzamento previsto para a plataforma Xescampus no ano 2009 é de 280.00 €.
- P8.1. Actualización do papel da biblioteca universitaria
 - O orzamento destinado á compra de libros por parte dos centros e departamentos mantense en 853.000 € e 469.000 € respectivamente, o de revistas ascende a 1.563.000 € (incluída a contribución a Bugalicia) e 25.000 € para préstamo interbibliotecario. O investimento total en biblioteca achégase aos 3,1 millóns de euros.

I+D+i

- P1.1. Cómputo da actividade investigadora no POD
 - Mantense o cómputo da investigación no POD, implantado no curso 2007. O correspondente convenio coa Consellería de Educación, por un importe duns 350.000 € anuais, cubre aproximadamente un terzo do custo.
 - En maio de 2008 aprobouse un programa trianual para favorecer a promoción do profesorado Titular de Escola Universitaria e Colaborador e a realización da tese de doutoramento, consiste nas seguintes medidas:
 - Promoción a Titulares de Universidade para o profesorado acreditado.
 - Convocatoria de licenzas dun cuadrimestre para a realización da tese de doutoramento (20 por curso) e para completar a formación académica para poder iniciala (10 por curso)

- P1.2. Dotación de recursos para os grupos de investigación
 - A partida de Programas Universidade está dotada en 2009 con 530.000 €, dos que se espera recuperar como ingresos do capítulo 7 uns 224.000 €
 - Dedicaranse 280.000 € a adiantar e garantir o financiamento dos grupos consolidados que veñen obtendo estes fondos nas convocatorias autonómicas. A solicitude do grupo, adiantarase en 2009 ata o 75% do importe recibido en 2008, cantidade que se compensará no caso de confirmarse a nova concesión.
 - Mantense unha convocatoria anual, cunha dotación de 120.000 € anuais, de contratos-programa plurianuais (por tres anos) para grupos consolidados, dentro do marco do convenio de colaboración co Banco Santander. Aínda que no ano 2009 estarán vixentes as convocatorias de 2007, 2008 e 2009, o éxito nas convocatorias da Xunta de Galicia dos grupos seleccionados permite manter o custo total no 150% do dunha convocatoria.
 - Mantense o compromiso de convocatoria das prazas que permitan concursar aos investigadores contratados Parga Pondal e Ramón y Cajal que rematan contrato.
- P2.2. Desenvolvemento do Parque Tecnolóxico na Coruña
 - No Plano Operativo recóllese o detalle do financiamento dos centros tecnolóxicos en curso, que son os seguintes:
 - As ampliacións do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) e do Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (CITIC) continuarán en 2009, aínda que están financiadas con cargo a créditos recadados en 2008.
 - No caso do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), os 1.143.000 € orzados complementarase coa incorporación parcial da anualidade de 2008 e cos 0,5 millóns da anualidade 2010.
 - Dótase con 700.00 € unha partida xeral para o cofinanzamento dos novos centros proxectados (ASISTA e Téxtil) e para respaldar os investimentos en marcha.

- P2.3. Desenvolvemento do Parque Tecnolóxico en Ferrol
 - Dótase con 300.000 € ampliación do Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT) no pavillón do comedor universitario en Ferrol.
- P3.1. Fomento da relación con outros grupos de investigación
 - Mantense as bolsas de mobilidade internacional UDC-Santander (72.000 €, financiados ao 50% polas dúas entidades), destinadas á mobilidade internacional de investigadores da UDC.
 - O programa propio de bolsas de mobilidade internacional de profesorado (34.000 €) facilitará a incorporación de profesorado visitante.
- P4.1. Ampliación das infraestruturas de investigación
 - Actualmente está en execución o investimento de 1.000.000 € acadados na convocatoria de Parques para equipamento do CITEEC.
 - Está en curso o investimento, cofinanciado con fondos FEDER, de 300.000 € en instalacións de investigación para a medición de tempos e forzas na Facultade de CC. do Deporte e a Educación Física.
- P4.2. Optimización das infraestruturas de investigación
 - Os mantementos de equipamentos científicos superan os 300.000 euros anuais.
 - En 2009 engádense novos mantementos por valor duns 200.000 €, derivados da posta en marcha de instalacións tecnoloxicamente avanzadas, especialmente relacionadas coas TICs.
- P5.1. Organización dos servizos de xestión da investigación
 - Na partida de Investimentos para o apoio á xestión órzanse 300.000 € para a adquisición dun programa de xestión da investigación.
- P5.5. Simplificación da xestión
 - Está en funcionamento un grupo de traballo para a simplificación administrativa. Apóianse estas labores cunha partida de 30.000 € para normalización administrativa.
 - O documento do orzamento inclúe cambios orientados á simplificación da xestión:
 - Descentralízase no documento inicial o total da partida de produción científica. En consecuencia, a práctica totalidade

das partidas descentralizadas quedan asignadas dende o inicio do exercicio.

- Simplifícase a concesión de adiantos de crédito, eliminando informes no proceso.
 - Simplifícanse as incorporación de créditos durante a vixencia dos proxectos de investigación naqueles caos en que a convocatoria o permita, tramitándoos de oficio dende o Servizo de Investigación.
- P6.1. Fomento das relacións Universidade-Empresa
 - Destínanse 90.000 € ás posibles ampliacións de capital das sociedades do parque tecnolóxico.
 - P6.2. Proxección das infraestruturas de investigación
 - O orzamento inicial da Oficina de Transferencia da Investigación increméntase en 200.000 €, que, de acordo co convenio coa Xunta de Galicia que o financia, se dirixirán fundamentalmente ao aumento das patentes, programas de valorización comercial de grupos, publicidade da oferta investigadora da UDC e encontros sectoriais con empresas.

RELACIÓNS COA SOCIEDADE

- P1.1. Fortalecer a dimensión de centralidade do campus e a súa relación coa cidade e o seu territorio
 - Órzanse 2 millóns de euros para o proxecto modular do Campus-Center no campus de Elviña.
- P1.2. Accesibilidade dos Campus
 - Iniciarase a construción dunha nova estrada paralela á liña de ferrocarril, no ámbito do Campus Center.
- P2.1. Ampliación de actividades culturais
 - Dáse continuidade ás actividades en curso. A partida destinada á produción propia de exposicións ascende a 15.000 €, có obxectivo de producir tres exposicións no exercicio.
- P2.2. Habilitación de instalacións culturais
 - Os 400.000 € orzados en 2008 para á remodelación do Centro Cultural de Riazor, no antigo edificio de Maxisterio, completéntanse

con 300.000 € adicionais en 2009. O proxecto contempla a creación de novas instalacións para a Universidade Senior, dunha ampla sala de exposicións, dunha sala de teatro, cine e danza, e de salas para ensaios e obradoiros culturais.

- P3.1. Fortalecemento da dimensión internacional da UDC
 - Destaca pola súa dimensión (véxanse tamén as actuacións recollidas en Docencia P5.2 e P6.2) o programa Erasmus, que supón en 2009 un gasto duns 732.000 € (600.000 € para bolsas de alumnado da UDC), subvencionados nun 84%. Este ano incorpóranse 10 bolsas de Erasmus-prácticas, para realizar prácticas en empresa na Unión Europea durante os estudos de licenciatura, grao ou mestrado universitario.
 - As bolsas de mobilidade internacional de profesorado (pasan de 15.000 a 35.000 €), destínanse a cubrir o desprazamento de profesorado da UDC.
 - A partida de acollida de mobilidade internacional órzase con 87.000 € para afrontar a porcentaxe dos desembolsos correspondente á UDC que se poderían derivar da execución dos 21 Proxectos de Cooperación Internacional solicitados.
- P4.1. Extensión das actividades deportivas
 - Mantense a partida de competicións deportivas descentralizadas.
- P4.2. Ampliación e acondicionamento de instalacións deportivas
 - Segundo se indicou anteriormente (Docencia P2.2), as instalacións deportivas son unha compoñente prioritaria do Campus-Center de Elviña.
 - A partida de equipamento deportivo ascende a 200.000 €, que permitirán completar o orzado en 2008 para a instalación de tres salas de ximnasia dotadas de máquinas nos baixos do estadio de Elviña.
 - Con cargo á partida anterior adquirírase unha embarcación que terá, entre outros, usos docentes por parte da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas.

- P5.1. Potenciación da imaxe da UDC
 - Neste apartado inciden gastos e investimentos recollidos noutros lugares, como os que figuran na partida Información e Divulgación. Mais de xeito específico, mantense as accións relacionadas coas convocatorias de premios e axudas (33.000 € para as Olimpíadas Científicas e Premio á excelencia no Bacharelato, axudas aos centros para a organización de xornadas de portas abertas); tamén as de encartes, trípticos, cortes en radio e similares, con cargo á partida de Información e divulgación VCC; e para alén diso, contéplase tamén as necesidades de produción de materiais destinados á proxección da imaxe da UDC (60.000 €).
- P5.2. Potenciación da política de comunicación
 - Está programada a concesión dun doutoramento *honoris causa* e de varias medallas da UDC no ano 2009.
- P6.1. Aplicación progresiva do plano de normalización lingüística
 - O Servizo de Normalización Lingüística dispón dun orzamento de 60.000 € para atender a programación das actividades demandadas dende as Comisións de Normalización dos centros.
- P7.1. Xestión ambiental
 - Os fondos propios asignados á Oficina de Xestión Ambiental son de 90.000 €, aínda que disporá de recursos adicionais grazas a fondos captados mediante Convenios. Elaborarase un Plano Ambiental de Sustentabilidade.
 - Introduciranse medidas de mellora da eficiencia e o consumo do alumbeado urbano do Campus de Elviña, con cargo á partida centralizada de Maquinaria e instalacións, que pasa de 400.000 € a 600.000 € (contando coa partida asignada a VCNT, que se segrega da xeral, para instalacións relativas a redes informáticas) .
- P7.2. Adaptación dos campus aos principios da arquitectura ecolóxica
 - O Plano enerxético da UDC ten unha dotación de 580.000 €. O investimento máis importante programado é a substitución da caldeira de calefacción do campus da Zapateira, que, aínda obtendo subvencións parciais, suporá un desembolso para a UDC superior aos 400.000 €. Este investimento permitirá mellorar o servizo e proporcionará aforros substanciais en combustible e emisións.

- Abordarase o acondicionamento térmico de edificios, en particular da Casa do Lagar (200.000 € para restauración exterior).
- P7.3. Adaptación dos campus aos principios do urbanismo sostible
 - En 2009 se abordará un investimento de 300.000 € nunha Unidade Mixta de Investigación sobre a construción de vivenda en madeira, financiada pola Consellaría de Innovación e Industria coa colaboración (por importe de 25.000 €) da Concellaría de Vivenda e Rehabilitación do Concello da Coruña.
 - Redactarase o anteproxecto de urbanización da área central do Campus de Elviña no marco do proxecto Campus Center, co obxecto de facer o tránsito rodado máis acorde co uso público e peonil dos espazos.
- P7.4. Seguridade e hixiene
 - Mantense, con 315.000 €, a partida de seguridade e hixiene, aínda que se traslada do concepto de obras ao do instalacións.
- P8.2. Incorporar ao Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ferrol a ampliación do Campus Universitario
 - Estase a negociar co Concello a dotación de espazo físico adicional para o crecemento a medio prazo da UDC en Ferrol, integrando infraestruturas docentes, de investigación e de servizos.
- P9.1. Fomento da cultura solidaria
 - As axudas para a cooperación e desenvolvemento pasan dos 30.000€ de 2008 a 72.000 € en 2009. Esta achega vese complementada coa captación de fondos doutras institucións.
- P9.2. Fomento do software libre e os estándares abertos
 - No ano 2009 mantense a Oficina de Software Libre, cofinanciada pola UDC e a Xunta de Galicia.
- P10.1. Áreas residenciais universitarias
 - Superadas as dificultades administrativas, iniciarase a construción da área residencial no campus de Elviña pola Consellería da Vivenda e Solo.
 - Contémplase a redacción en 2009 do proxecto de Residencia Universitaria no antigo cuartel de Sánchez Aguilera de Ferrol.